

## **PROGRAMA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A CAPTACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR SELECCIONADO NAS CONVOCATORIAS DO CONSELLO EUROPEO DE INVESTIGACIÓN (ERC)**

### **CONVOCATORIA 2016**

As estratexias axeitadas para a captación e retención de talento investigador e para o desenvolvemento de proxectos de I+D+i ambiciosos e de elevado potencial de éxito, son fundamentais para o progreso das institucións cara á excelencia e o recoñecemento nacional e internacional. A Universidade de Vigo ten apoiado e posto en marcha diversos programas orientados á captación de persoal investigador e á consolidación da súa actividade dentro das liñas de investigación desenvolvidas na Universidade. Algúns destes programas complementan e dan continuidade a outros promovidos polas administracións autonómica ou estatal, mentres que outros supoñen accións específicas para a captación de persoal investigador de moi alto nivel curricular, destacado non so pola súa excelencia e liderado científico, senón polo impacto da súa investigación e o recoñecemento internacional dentro do grupo dos e das mellores do seu campo.

O Consello Europeo de Investigación (ERC), a través dos seus programas Starting Grants (StG), Consolidator Grants (CoG) e Advanced Grants (AdG), busca apoiar a carreira de investigadoras/es excelentes, cunha traxectoria profesional científica moi prometedora, para realizar proxectos de investigación pioneiros que poidan abrir novos camiños e supoñer un salto cualitativo nos seus respectivos campos de investigación. O nivel de esixencia para a selección nos programas do ERC é extremadamente alto, e os procesos de avaliación utilizados son internacionalmente recoñecidos.

Tendo en conta a calidade e alto nivel de esixencia do proceso de avaliación empregado polo ERC, a captación de persoal investigador beneficiario dalgún dos seus programas (StG, CoG ou AdG) tense convertido nunha das estratexias prioritarias para o recrutamento de persoal investigador excelente e con alto potencial de desenvolvemento. A captación deste tipo de persoal investigador require dispoñer de ferramentas áxiles e competitivas, que poden cubrir o espazo doutras iniciativas de ámbito autonómico ou nacional mentres non sexan postas en marcha, ou ben complementalas en caso de que existan.

No ano 2015 desenvolveuse a primeira convocatoria do *Programa da Universidade de Vigo para a captación de persoal investigador seleccionado nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC)*. O obxectivo deste programa é precisamente facilitar a incorporación á nosa universidade de persoal investigador de moi alto nivel, en calquera área de coñecemento, especificamente no caso de beneficiarios/as dos programas do ERC, e como ferramenta complementaria ao *Programa de captación de talento investigador de excelencia da Universidade de Vigo*, de ámbito máis xeral. A Universidade de Vigo segue así avanzando no seu compromiso coa excelencia e a promoción da investigación e a transferencia de coñecemento en todos os ámbitos.

#### **1. Obxectivo**

A presente convocatoria ten como obxectivo a realización dun proceso selectivo para a contratación como persoal laboral temporal de persoal investigador doutor, que haxa resultado adxudicatario dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC), Starting Grant, Consolidator Grant ou Advanced Grant.

## **2. Número e características dos contratos**

O programa ofrece inicialmente dous contratos de cinco anos de duración, na modalidade de investigador/a distinguido/a prevista no artigo 23 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación. Dependendo do éxito da convocatoria e a dispoñibilidade orzamentaria, poderá ampliarse o número de contratos ofertados.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade, suspenderán o computo da duración do contrato.

O salario bruto anual fixarase segundo o nivel curricular das persoas contratadas, e estará en liña co das diversas categorías de profesorado universitario. Poderá acordarse unha retribución adicional variable e/ou incrementos salariais durante a duración do contrato, suxeitos á consecución de obxectivos e á avaliación positiva da actividade. Aparte das retribucións salariais, tamén poderá estipularse unha asignación económica, en concepto de gastos de execución da liña de investigación proposta.

Unha vez transcorridos os 5 primeiros anos de contrato, poderá promoverse a renovación do mesmo, por períodos adicionais de 5 anos de duración, sempre que se supere satisfactoriamente o pertinente proceso de avaliación resultados.

## **3. Financiamento**

O programa financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 0000 131H TAL de cada un dos exercicios nos que se desenvolva, no marco das dispoñibilidades orzamentarias da Universidade de Vigo.

## **4. Requisitos das persoas solicitantes**

Para seren admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán posuír os seguintes requisitos:

- a. Ter o título de doutor/a
- b. Ser adxudicatario/a dunha axuda do Consello Europeo de Investigación (ERC), Starting Grant, Consolidator Grant ou Advanced Grant.

## **5. Avaliación e selección**

A selección será realizada pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, delegada de Consello de Goberno. A Comisión comprobará o cumprimento dos requisitos e valorará a viabilidade material de desenvolvemento na Universidade de Vigo da liña de investigación proposta. Logo, emitirá un informe motivado propoñendo ou non a contratación dos/as candidatos/as, e establecendo unha orde de prioridade para a contratación no caso de que haxa múltiples aspirantes.

En todo momento, velarase pola igualdade de oportunidades e a non discriminación por motivos de xénero, idade, nacionalidade, grupo racial nin ningunha outra clase de discriminación.

## 6. Contratación e seguimento

Convocarase ás persoas seleccionadas para formalizar un contrato como investigador/a distinguido/a conforme ao previsto no artigo 23 da Lei 14/2011, de 11 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, coas características correspondentes acordadas.

O desempeño do persoal investigador contratado será sometido a avaliación ao final dos tres primeiros anos de contrato. A avaliación será realizada por investigadoras ou investigadores de moi alto nivel e relevancia internacional na área de actividade de cada persoa contratada, designados/as pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo. A avaliación terá en conta a produción científica e a actividade investigadora desenvolvida durante o período avaliado. Unha avaliación positiva pode conlevar un incremento salarial. No caso de contar cunha avaliación negativa, que será motivada, poderá darse por finalizado o contrato.

Unha vez transcorridos os 5 primeiros anos de contrato, poderá promoverse a renovación do mesmo, por períodos adicionais de 5 anos de duración, sempre que se supere satisfactoriamente unha avaliación do desempeño profesional durante o período, realizada de xeito análogo á avaliación intermedia descrita no parágrafo anterior.

## 7. Formalización de solicitudes e procedemento

A convocatoria será publicada na páxina web e nos rexistros da Universidade de Vigo. Adicionalmente, darase difusión nacional e internacional á mesma, a través das principais publicacións e redes de información científica.

As solicitudes serán presentadas por correo electrónico, na dirección [vicinv@uvigo.es](mailto:vicinv@uvigo.es), achegando a seguinte documentación:

- Formulario de solicitude, cumprimentado segundo o anexo, e incluíndo os datos persoais e profesionais y un resumo da liña de investigación que se pretende desenvolver na Universidade de Vigo (máximo 2.000 caracteres)
- Currículum vitae do/a candidato/a (máximo 15 páxinas, nun único arquivo pdf de ata 4 Mb de tamaño)

Enviarse por correo electrónico ás persoas candidatas un acuse de recibo da solicitude presentada.

Non é necesario aportar xustificantes dos méritos indicados no currículum no momento da solicitude. En caso de ser necesario, a Comisión de Investigación poderá solicitar ao persoal investigador aspirante a documentación adicional que corresponda para avaliar axeitadamente a candidatura e verificar o cumprimento dos requisitos.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto desde o día seguinte á aprobación desta convocatoria ata o 31 de decembro de 2016. O prazo poderá ampliarse mais alá desta data, no caso de non ser adxudicados todos os contratos ofertados e de existir dispoñibilidade orzamentaria. A Comisión de selección actuará como mínimo unha vez cada trimestre do ano, en caso de existir solicitudes.